

## RESUMO DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA (1ºESO)

### INTRODUCCIÓN:

Este resumo recolle os aspectos máis salientables da programación didáctica para o curso 2023-2024.

### COMPETENCIAS:

- **CCL** - Competencia en comunicación lingüística
- **CP** - Competencia plurilingüe
- **STEM** - Competencia matemática e competencia en ciencia, tecnoloxía e enxeñaría
- **CD** - Competencia dixital
- **CPSAA** - Competencia persoal, social e de aprender a aprender
- **CC** - Competencia cidadá
- **CE** - Competencia emprendedora
- **CCEC** - Competencia en conciencia e expresión culturais

### OBXECTIVOS:

- **OBX1** Buscar, seleccionar, tratar e organizar información sobre temas relevantes do presente e do pasado, usando criticamente fontes históricas e xeográficas, para adquirir coñecementos, elaborar e expresar contidos en varios formatos.
- **OBX2** Indagar, argumentar e elaborar produtos propios sobre problemas xeográficos, históricos e sociais que resulten relevantes na actualidade, desde o local ao global, para desenvolver un pensamento crítico, respectuoso coas diferenzas, que contribúa á construción da propia identidade e a enriquecer o acervo común.
- **OBX3** Coñecer os principais desafíos aos que se enfrontaron distintas sociedades ao longo do tempo, identificando as causas e consecuencias dos cambios producidos e os problemas aos que se enfrontan na actualidade, mediante o desenvolvemento de proxectos de investigación e o uso de fontes fiables, para realizar propostas que contribúan ao desenvolvemento sustentable.
- **OBX4** Identificar e analizar os elementos da paisaxe e a súa articulación en sistemas complexos naturais, rurais e urbanos, así como a súa evolución no tempo,

interpretando as causas das transformacións e valorando o grao de equilibrio existente nos distintos ecosistemas, para promover a súa conservación, mellora e uso sustentable.

- **OBX5** Analizar de forma crítica formulacións históricas e xeográficas explicando a construción dos sistemas democráticos e os principios constitucionais que rexen a vida en comunidade, así como asumindo os deberes e dereitos propios do noso marco de convivencia, para promover a participación cidadá e a cohesión social.
- **OBX6** Comprender os procesos xeográficos, históricos e culturais que conformaron a realidade multicultural na que vivimos, coñecendo e difundindo a historia e a cultura das minorías étnicas presentes no noso país, e valorando a achega dos movementos en defensa da igualdade e a inclusión, para reducir estereotipos, evitar calquera tipo de discriminación e violencia, e recoñecer a riqueza da diversidade.
- **OBX7** Identificar os fundamentos que sosteñen as diversas identidades propias e as alleas, a través do coñecemento e posta en valor do patrimonio material e inmaterial que compartimos para conservalo e respectar os sentimentos de pertenza, así como para favorecer procesos que contribúan á cohesión e solidariedade territorial no tocante aos valores do europeísmo e da Declaración Universal dos Dereitos Humanos.
- **OBX8** Tomar conciencia do papel dos ciclos demográficos, o ciclo vital, as formas de vida e as relacións interxeracionais e de dependencia na sociedade actual e a súa evolución ao longo do tempo, analizándoas de forma crítica, para promover alternativas saudables, sustentables, enriquecedoras e respectuosas coa dignidade humana e o compromiso coa sociedade e a contorna.
- **OBX9** Coñecer e valorar a importancia da seguridade integral cidadá na cultura de convivencia nacional e internacional, recoñecendo a contribución do Estado, as súas institucións e outras entidades sociais á cidadanía global, á paz, á cooperación internacional e ao desenvolvemento sustentable, para promover a consecución dun mundo máis seguro, solidario, sustentable e xusto.

## RELACIÓN DOS OBXECTIVOS COAS COMPETENCIAS:

Currículo Competencias	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1	X		X	X		X		
OBX2	X			x		X	X	X
OBX3			X		X	X	X	X
OBX 4					X	X	X	
OBX 5	X					X		X
OBX 6	X				X	X		X
OBX7		X			X	X		X
OBX8			X	X	X	X		
OBX9	X					X	X	X

## MATERIAIS DIDÁCTICOS:

- **Libro de texto:** Xeografía e Historia VV.AA. Editorial Vicens Vives
- **Apuntamentos e follas de repaso**, recollendo os aspectos máis salientables de cada unidade, o que axudará ao alumnado a organizar o seu traballo e estudo (entregados ao alumnado e recollidos na aula virtual)
- **Aula Virtual da materia**, na que se recollerán, diariamente, todos os contidos impartidos e os materiais de reforzo dos mesmos (vídeos, presentacións, actividades de repaso, traballos...). A Aula Virtual servirá para que o alumando teña unha secuencia cronolóxica da materia.
- **Vídeos e presentacións** que servirán de reforzo dos contidos máis importantes, axudando a complementar o seu estudo.
- **Películas, imaxes, textos, novelas gráficas e comics**, que servirán como complemento dos contidos impartidos na aula, ofrecendo ao alumnado outra perspectiva de cada unidade.
- **Saídas culturais**, que servirán para ofrecerlle ao alumnado unha visión práctica dalgún dos contidos impartidos.

## UNIDADES DIDÁCTICAS E DISTRIBUCIÓN DURANTE O CURSO ESCOLAR:

- 1º TRIMESTRE:

**Unidade 1: Os cimentos do planeta terra. O Relevo.** Nesta unidade aprenderemos a observar como é a estrutura da terra e como se formaron os continentes, ademais de identificar as diferentes formas do relevo e os procesos que as orixinaron. Coñeceremos os obxectivos do desenvolvemento sostible para aprender a valorar el patrimonio ambiental.

**Unidade 2: Cada gota conta. A auga.** Nesta unidade analizaremos as principais características da hidrosfera, localizaremos os principais ríos do mundo e valoraremos as medidas a adoptar para un mellor aproveitamento das augas.

**Unidade 3: Alerta, temporal!! Tempo e clima.** Nesta unidade analizaremos como o clima inflúe na vida do ser humano, estudando os seus elementos e factores. Localizaremos as diferentes capas da atmosfera e interpretaremos as causas do cambio climático, valorando as medidas a tomar para evitar as consecuencias do cambio climático.

**Unidade 4: Os bosques, fontes de vida. As paisaxes.** Nesta unidade analizaremos as principais características das diferentes paisaxes naturais e interpretaremos as causas que as modifican, atendendo especialmente á pegada humana. Valoraremos a necesidade de asumir un compromiso para conservar os diferentes ecosistemas do planeta.

- 2º TRIMESTRE:

**Unidade 5: Entre montañas e zonas húmidas. O medio físico de España.** Nesta unidade localizaremos , analizaremos e interpretaremos as principais características das zonas climáticas e das paisaxes de España. Valoraremos a pegada do ser humano e os diferentes espazos naturais protexidos.

**Unidade 6: O medio físico de Galicia.** Nesta unidade localizaremos , analizaremos e interpretaremos as principais características das zonas climáticas e das paisaxes de Galicia. Valoraremos a pegada do ser humano e os diferentes espazos naturais protexidos.

**Unidade 7: Unha grande evolución cultural e tecnolóxica. A Prehistoria.** Nesta unidade analizaremos a orixe do ser humano e os principais cambios xurdidos na humanidade a nivel social, cultural e tecnolóxico. Compararemos as sociedades depredadoras e produtoras a partir do achádegos arqueolóxicos.

**Unidade 8: As primeiras formas de escritura. Mesopotamia e Exipto.** Nesta unidade abordaremos o comezo da historia coa invención da escritura e coa formación das primeiras cidades-Estado. Compararemos as civilizacións mesopotámicas e exipcias, atendendo aos restos arqueolóxicos.

- **3º TRIMESTRE:**

**Unidade 9: O inicio da democracia. A Grecia clásica.** Nesta unidade analizaremos as causas que levaron á formación da Hélade e os seus tipos de goberno. Valoraremos a pegada do helenismo atendendo á figura de Alexandre Magno.

**Unidade 10: Un imperio de cidades. O imperio romano.** Nesta unidade analizaremos a orixe de Roma e os diferentes períodos da súa historia, valorando a súa sociedade e cultura.

**Unidade 11: Aínda somos un pouco grecorromanos. A antigüidade clásica.** Nesta unidade analizaremos a cultura grecorromana, facendo fincapé na súa pegada no mundo actual. Valoraremos o patrimonio histórico e artístico que nos deixaron as culturas clásicas.

**Unidade 12: Como os romanos transformaron a Península Ibérica. Hispania romana.** Nesta unidade analizaremos as características dos pobos prerromanos na península ibérica e interpretaremos as causas de Roma para conquistalos e como transformou a súa vida.

### **CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN, PROCEDIMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN:**

Por unidades didácticas estableceuse o peso que se lle daba aos instrumentos de avaliación resultando que as **probos escritas** é do **70%** e o das **táboas de indicadores** un **30%**.

1. **As probos escritas (dúas por avaliación)** puntuaranse nunha escala de 1 a 10 e consistirán na contestación dunha serie de preguntas de diverso formato, por exemplo, poden ser de desenvolver, curtas ou tipo test; de relacionar conceptos; de identificar e comentar textos e imaxes; de definir termos; etc. Sempre se especificará o valor de cada pregunta, entendendo que se está contestada correctamente levará a puntuación máxima pero, de non ser así, a puntuación diminuirá en consecuencia cuns criterios obxectivos que o docente debe ter previamente fixados. Finalmente a cualificación do exame será o resultado da suma total da puntuación acadada en cada cuestión.

2. **A táboa de indicadores** comprenderá o traballo na aula (15 %) nos seus diferentes aspectos (corrección de actividades, participación, realización de fichas, traballo na aula virtual, actitude..) e aspectos procedimentais (15%) que se encomenden ao alumnado que poden ser traballos escritos, posters; exposicións orais, etc. Para a corrección destes traballos empregaranse as rúbricas adaptadas a cada tarefa entre as que figurará unha que recolla a actitude e implicación do/da alumno/a no traballo, deste xeito considérase o interese como aspecto a valorar. Para as rúbricas establécense os seguintes parámetros: excelente 10; ben 7; regular 5; moi regular 4, valores cos que logo se extrae a media.

**A nota da avaliación será o resultado de:  $(\text{Media Ex.} \times 70) + (\text{Media rúbricas T.I.} \times 30) / 100$ .**

Unha vez realizadas as operacións, aplicarase o redondeo tendo en conta que cando o decimal é superior a 5 o redondeo irá á alza e, pola contra, se é inferior, irá á baixa. A avaliación estará aprobada cando a cualificación sexa 5 ou superior. Se o docente observa que o alumno ou alumna aprobou a avaliación pero ten algunha parte ou tema pouco afianzado, poderá poñerlle algún traballo de reforzo.

**No caso de non superar unha avaliación**, o alumnado fará unha **proba de recuperación** ao comezo da seguinte trimestre.

**A cualificación final será o resultado de:  $(\text{Nota 1}^{\text{a}} \text{ aval.} \times 33,3) + (\text{Nota 2}^{\text{a}} \text{ aval.} \times 33,3) + (\text{Nota 3}^{\text{a}} \text{ aval.} \times 33,3) / 100$ .**

### **SISTEMA DE RECUPERACIÓN:**

O alumnado que **non supere as diferentes avaliacións**, fará unha **proba escrita de recuperación por trimestre**, que se cualificará nunha escala de 1 a 10 (especificando en cada pregunta o seu valor). Levarase a cabo un redondeo da cualificación e este será á alza cando o decimal é superior a 5 ou á baixa cando o decimal sexa menor de 5. A avaliación considerárase aprobada cando se obtén 5 ou máis.

**Se o resultado final da nota de xuño non chega a un 5** o/a alumno/a terá que presentarse a unha **proba extraordinaria en xuño dos contidos das tres avaliacións**. Consistirá nun exame final no que se examinarán todos os criterios de avaliación de todas as unidades didácticas. Novamente, a cualificación deberá ser superior a 5 (nunha

escala de 1-10) para ter a materia aprobada, en caso contrario quedaría pendente e, en canto ao redondeo, aplicaráselle o establecido para as avaliacións.